FENOMENOLOXÍA TOPONÍMICA DE GALICIA

Elixio Rivas Quintas

Presupostos

O labor de investigación levado a ramo nestes anos, é grande, pero queda aínda moito por facer. Se en algo somos millonarios é neste eido, e anos levará recoller toda a toponimia menor, para o caso de tanta aquela coma a maior. Perigo corremos agora de perder este legado dos nosos devanceiros. Os depositarios do haber desaparecen por anos, e moi logo non ficarán informantes. Corre presa salvalo.

Á hora de se poñer a investigar sobre toponimia, cómpre ter en conta que se trata de lingua, aínda que máis ou menos estereotipada, que pode estar dentro do sistema de fala ou xa fóra del, ás veces por moi longo tempo. Como verba ten significante e significado; unidade significativa tópica que tratamos de descodificar. Ó estar localizada en varias partes ailladas entre si, sen guía e amparo da fala viva, á vértola dos falantes, puido resultar en cambios que os tornan irrecoñecibles.Como queira que iso sexa, cómpre levar a unha fonética e semántica.

Cómpre en primeiro lugar contar coa materia prima fielmente recollida; de non ser así o noso traballo será inútil; estariamos analizando unha entelequia. Esencial é unha enquisa fiel, laboriosa; o obxecto ha de ser seguro. A recolleita dea topónimos é enquisa delicada. O recolector ha de certar coa persoa idónea, sempre con moitos anos de vivencia local, pero tamén ha de saber preguntar. Preguntar de xeito que non condicione a resposta, deixando que fale sen darlle pautas ou disxuntivas que o traian ó que nós pensamos. Se podemos xuntar dous ou tres maiores, que non teñan andado por fóra, e deixalos que fañen, mellor. Se nin sequera se dan de conta de aparello gravador, mellor; falarán sen esa prevención. E dende logo constatar tódolos matices. Hai pouco que nos estrañabamos de que en certa contorna aparecese o topónimo '*Cardenal'*. Resultóu ser o lugar habitado chamado *Cardenao / Casdenao,* mal constatado.

Á hora de descubri-la súa orixe, cómpre non nos confiar en falsas trasparencias; unha das tendencias da etioloxía popular é asimilar topónimos ó que se coñece. Hai

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 436

que valerse da comparanza con outros topónimos que semellen afíns. Non se pode esquecer que esta é unha ciencia experimental e probabilista, en que un se vai acercando por aproximación, deixando a miúdo suspensa a interrogante. En axuda nosa virá a documentación, necesaria, mais tamén aquí con precaución xa que os escribas ás veces *latinizan* e tampouco están libres de etioloxía. Cando o topónimo non lles resulta intelixible, cólleno polos pelos ou asimílano ó que coñecen.

Labor difícil, pesado na exposición, imos facer un recorrido pola toponimia de Galicia, maior pero tamén menor, que tanto monta. Hai topónimos mal recollidos, outros manipulados, que cómpre sen demora sinalar, non sexa que se diga teren xa carta de natureza. Se os manipulados a mediados do século XIX, ou antes xa, non a teñen, menos os de antronte. Iremos sinalando os fenómenos que neles se dan e os que se lle impuxeron, aínda que a laboura non sexa moi grata. Hai ben que depurar.

1. A palabra

O topónimo ha de reflectirse como aparece na realidade actual, indicativa das tendencias da lingua en cada contorna. Para mellor preserva-la súa identidade, as formas compostas, sempre que posible sexa, debían escribirse xebrados os compoñentes. Hoxe vemos *Meixón Frío* e *Meixonfrío, Ponte Nova* e *Pontenova, Río Mao* e *Riomao, Rúa Nova* e *Ruanova, Souto Longo* e *Soutolongo, Souto Manco* e *Soutomanco, Pego Negro* e *Pegonegro, Fondo de Vila* e *Fondodevila...Elí Detrás, Eí por Riba...* O que pode resultar algo difícil na toponimia maior, xa realizada, non causa entrequedencia na menor.

Son topónimos antroponímicos, estereotipados hai moito, en Lugo: *Dombrollo* en Friol, *Dompiñor* no Incio, *Donalbán* no Corgo, *Doncide* en Pol, *Donsión* en Begonte, *Santiorxo* en Sover, coma 3 *Santadrao,* 3 *Santadriao,* e *Santoíño, Seoane / Soane / Seivane*. Na Coruña: *Santardao* en Vedra, *Sandrego* (menos *Sandrejo*, nunca *Sandrexo*) por *San-Dego,* en Zas e Vimianzo, *Santarandel* en Boimorto, *Domirón* en Xuvia, Samede de *Somede* nas Pontes, *Percordeiro* e *Paipaz* en Pontedeume, *Miguelares* en *San Sadurniño, Peroxil* en Visantoña, pero *San Bollo* en Miño, *San Claudio* en Ortigueira.En Ourense: ó sur S.Millán de *Samillao*, *Peimogo* en Punxín, *Paicordeiro* en Allariz, *Cachoane* e *Cachoares* no Pereiro, *Sanbréixome* en Graíces, S.Xoán de *Seoane* en Monterramo, *Sanomede* en V.de Conso...En Pontevedra: *Sanxenxo* en S.Xes de Madriñán, *San Amedio /Momedio* en Cuntis, *Sanomedio* en Tomiño e Beluso, *Santomé* de Piñeiro, *Santadrán / Santradán* en Marín...
E *Saamed, Somede, Santiso, Santaia, Santalla...*

Explícase ben que haxa *Galegos, Galega, Gallegos,* etc., fóra de Galicia; non está claro, o porqué de *Galegos* no Porriño, Lalín e Agolada, Po.; Carballedo, Pol e Río Torto, Lu.; Vedra, Co., etc.

Son topónimos xa antigos: *Obra,* Celanova, Our., *Obra de Paño* en Lubre, Co, coma *Obradoiro.*

O mesmo: *O Bosque* en Cortiñán, Monteagudo e Serantes, Co. Varios *Salto* na Coruña, coma *Salto do Gato* en Q.de Leirado, Our., ás veces á par de *Souto,* do que

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 437

parece forma arcaica. Coma *O Fonte* en Manzalbos, *Fonte Antigo* en Fondo de Vila e Bovadela, Our., fronte á xeneralidade que é *A Fonte,* no Carballiño *Fonte Antiga.* A dúbida, xa dende o latín, vese tamén en máis de dez *Valboa* que hai en Galicia, fronte a dous ou tres *Valbón.* Tamén en León.

A *Conga* en Santiago e Posmarcos, Co., e en Ribadavia, Our., vén de *Canónica*, pero *Conxo* en Santiago supón (E:M.) *Canogio. Bens*, A Coruña*,* é *Mens,* Malpica, corresponde a *Meis,* Pontevedra.

As variantes deben conservarse en cada sitio: *O Terrón, O Tarrón, Terroeira, Tarroeira, Torroeira, Terroal, Torroal, Tarreirigo, O Terreiro, O Turreiro...* A *Grixa, Grixoa, Grixario, Lixoa, Lixario, Eirixe, A Irixe, Irixa, Irixoa,* etc.

De dims. en *-ola, -olo*, saen falsos aumentativos: *Mosteirón* en Sada, Co. e Loña-Velle, Our., *Mosteirós* no Bierzo; *Pazó* en Allariz, e *Río Avión,* Our., *Salgueirón* (*Salgueiró* en 1727) en Cangas, e *Río Dezón* (*Deciolo, *Dezó*), Po., coma *Figueiró* na Illa de Ons, *Pereiró* en Vigo, *Campañó,* Po., e *Río Neibó*; Marín; *Eiró, Feixoo / Feixó*, *Celeiró,* coma *Seiró / Seirón,* Our.; *Portizó* en Sover, *Ferreirós* no Courel...Lu. Fr.M.Sarmiento (Viaje 1754-5) cita *Riazón,* vg. *Riazó.*

Galicia / Galiza: ámbalas dúas formas son propias; a segunda, minoritaria ó longo da historia. A primeira, tradicional e de uso ininterrompido, a máis usada e orixinaria (de *Gallaecia*), escollida por tal coma a forma oficial. Non é castelá, onde tería dado **Gallicia*, coma *gallego.*

Ourense / Orense, ámbalas dúas son formas propias; a primeira, do adx. *auriense / auria,* do lat. *aurum* 'ouro', de moito máis uso. A segunda, de *oriense*, adx. de *Oria* (hoxe *Oira* á dereita do Miño). un hidrónimo antiquísimo.

Podemos sospeitar dunha base hidronímica imitativa *S-R ó sabermos de polo menos dez correntes de auga que levan o nome de *Sar*;*Sarela*;de río *Ser* afluente do Navia, que nace nos Ancares; de *Sor* río que xebra as provincias da Coruña e Lugo, que nace con dous regueiros en *Ambosores*, Orol, Lu., que case ó final pasa por *Grañas de Sor*, Mañón, acibindo pola esquerda o afluente *Ambosores.* Outro *Río Sor*, esquecido, que nace a sopé de Cabeza de Meda, Our., pasa á beira dos *Pensos do Sor* e de Pardeconde (*Parata Soris / Zoris* na I.M.), acibe pola dereita o regueiro que baixa por *Zorelle* (**Soriculo*) e por Maceda vai ó Arnoia en Baños de Molgas.

Hai outro tema que sospeitamos hidronímico por reiteración: **U-M.* Son máis de dez ríos *Mao*, os que atopamos no Noroeste, mormente en Galicia e norte de Portugal. Nas escrituras pode verse *Umao, Humano, Omao, Mao..., Malo* por etimoloxía popular, o que espertou a aparición dos correspondentes '*ríos bos*', de etioloxía popular ó descodificar aquel coma '*malos*'. Incluso se dá o caso en Monterramo de ser *Río Mao* o que nace no alto de San Mamede, lado nordeste, e *Mao* tamén o pequeno afluente pola esquerda na vila mesmo; *Mao Grande* e *Mao Pequeno.* O Río Lagares ou Navia, Vigo, ten nos seus comezos *Riomao.*

Na Coruña, (Mº Camanzo, 1115) *Se Me de río Malo, Si Salvatoris de río Malo. ó* N de Portugal, en Cabeceiras de Basto, 1131 (Docs.Med.Port.s.a.) *Riuulum Malum, Aquam Malam*, etc. Aquí hai que achegar os ríos *Ume, Uma, Umia, Eume, Homem*, etc. Por outra banda: *Rioboo, Riobó, Ribón, Ribó.* Os nativos, Vilar de

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 438

Barrio, Our., din: «A xente di *Ribó*, pero en castelán é *Rioboo*». Caso parello ó de *Lama Ma,* B.Molgas, Our., onde á beira xurdiu *Lama Boa.*

Podemos traer tamén aquí a base *T-N, cando vemos: *Río Tanha* (I.M. *Tana*) e *Río Tedo* (I.M. *Tanedo)* afluente pola dereita do Douro, Portugal. O *Río Tea* (I.M. *Tena*), Po., *Río Tenorio* en Pontevedra, onde tamén hai *Tanoira* e *Teoira* á beira de Río Miñatos, Marín.En Asturias *Río Tena* e *Val de Tena*; no Val do Medo, Our., *Río Tioira* e afluente *A Teiroá* (**Tenoria, Tenariola*).*Río Tera* que nace en Pena Trevinca, Zam. (I.M. *Teria, Teira*, de **Tenaria*) que rega a gran *Veiga de Tera*, e nos trae á memoria *Teiraboa* en Arzúa, Coruña, á beira de corrente, e *RíoMero* (cf.*Mera, Trambasmeras, Miera, Mieres, Trasmiera*) na Coruña que nace no lugar de *Tieira* en Masía e baña *Tieira* en Cesuras baixando a Ría do Burgo. E o *Río Túa*, que vai ó Douro pola dereita, nacendo en Lubián, Sanabria, cos *Ríos Tuela* e *Tuiza* ou *Tuicia*, que supoñen unha base **Tuna*; *Tuño*, Ramirás, Our., afluente pola dereita da Arnoia, que supón **Tunio.* Etc.

Temos moitos topónimos derivados do lat. *planus-a-um* 'chao, chau, chan', e derivados, o que non é unha contradición coa realide, senón expoñente diacrítico para sobrancear o que non é abrupto. Deixando de lado o simple, temos, de **plana-ria* '*chaira*', que influíndo en *plana* da ó norte da Veiga de Antela (Bustelo) *A Plaina,* alí a Veiga. O top. cóntase por centas en Galicia; dá *Cheira* en Curtis. De **planicia*, regularización de *planities*, temos: *A Chaíza / A Xaíza*; *A Saíza / A Zaíza* en Busteliño e Vilar de Gumareites, Our., *A Saínza* no Covelo e Rairiz de Veiga, *A Zaínza* en Vide, B. Molgas e Acevedo do Río, todos Ourense. De **planeta* ven *Cheda* en Montoxo e Vilouzás, Co., e Celanova, Our.; *Chedas* en Lalín, Po, etc. De **planellu* vén *Chaelo* en S. Claudio, Ortigueira, Co., *Chenlo* en Valga e Pontareas, e *Chenlos* na Estrada, Po. De **planiculas* vén *Chelles* en Cima de Vila, ó norte da Limia, Our. Non é máis ca unha mostra, xa que tamén hai *Chaínza, Xaínza...*

Repítese tanto en Galicia o topónimo *Calle*, na toponimia maior e menor, que é imposible non sexa patrimonial, que sexa de influxo castelán. En Terroso e Requeixo de Sanabria, *calle* é a corredoira que leva ós eidos; na Gudiña *callella* é 'corredoira', e na Mezquita, á beira, *callello* 'camiño ancho', onde, no Tameirón, hai o top. *Callelleiro.* En Castrelos de Orriós, , *A Callella* e *Leira das Callellas,* etc. Citemos ademais *A Calle* en Meda do Bolo, Our.; *A Calle* en Bóveda, Friol, Begonte, con *Calleiros*, Sarria, Lu. *Calheiros* hai en Ponte de Lima, Minho. Na Coruña hai 8 *Calle* e 2 *Calles.* En Pontevedra, *A Calle* en Arcade e Goián. A base está no prolífico gr.lat. *canna*, cuxos derivados teñen dobre valor, de 'conduto de auga e conduto ou paso da facenda', como se ve por *canada* recipiente do leite e *cañada* para paso da mesta, *cano* de auga, *quelle* suco, zanxa, e *canella* rúa ou camiño estreito, etc. Galego auténtico é tamén *caño, cañón,* por remontarse ó b.lat. *canniu*, do lat.*canna.* Deste, mediante *canale*, sae o dim. **canalicula*, donde *canella* e *calella*, segundo se perda o -l- ou -n- intervocálico, que ámbolos dous poden desaparecer. De *callella* por haplo-loxía temos *calla,* e debilitada a final, *calle.*

DESTRO, destros, Os Destros por exemplo nos Devesos, Ortigueira, Co. Bo número de topónimos menores, que deben aparecer nesta forma entre nós, anque

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 439

estea castelanizado por referirse ós eidos do señor abade en cada parroquia. É voz común e patrimonial, que non ten por qué levar forma latina *dextro,* culta. Hai varias voces de orixe parella que en galego son de todo patrimoniais e de uso popular, coma as *estremas* dos eidos, que *estreman* coas dos demais, *estremar* as ovellas ó chegar do monte, *estremar* as tripas na matanza, etc. O mesmo cabe afirmar da *Huerta* do señor cura, cando as demais son todas *hortas.*

Hai poucas formas que causen tanta extrañeza coma *Pai Sarmiento, Nai Teresa.* Do lat. *patre, matre*, a forma de respecto, título, pola esta razón quedou estereotipada: *padre, madre* (gal., port. e cast.) a diferenza dos *pai* e *mai / nai* naturais, que o uso cotián, da familia, fixo evolucionar máis.Debía conservarse *Santa María Madre* en Ourense, advocación estereotipada, Alto Medieval.O mesmo pasou con *Deus* (gal.e port.), que se conserva tal cal do latín.

2. A morfoloxía

Incluímos aquí cambios no topónimo debidos a factor superior ó fonético e inferior á verba, a miúdo resultas de fonética sintáctica. Falando da *Via XVII* de Braga a Astorga polas Frieiras, Our., dise pasar por *Valdelhas* entre *Pinetum* e *Conpleutica* (T. Frieiras, 84), xusto entre *Pentes* (**Pínetus*) e Castrelo ou Lubián, que coidamos ser a *Veiga d'Allas* sobre a ponte do río Diabredo, onde se atopou a estela a *Niger Camali* (Ib.74). *Ellas* resultado da evolución de *Sellas*–> **As Ellas,* comparable ás *Ellas de Riba, Ellas de Baixo* nas Marabillas, Cartelle, Our., de *As Sellas* referíndose a *Sella de Riba* e *Sella de Baixo*, sobre pequeno afluente da Arnoia, de primeiras un **Río Sella.* Tráenos á memoria *Trasellas*, Teo, Co.;o *Río Sella* en Asturias, e o *Val de Ríu Ellas*, en *Eljas,* Serra de Gata, en Cáceres, colonizado por galegos na I.Media, onde se fala *lagateiru,* un dialecto do galego.

Por fonética sintáctica comeza sendo *As Uceiras*, acaba hoxe por ser *As Suceiras*; *As Abeleiras* chega a *As Sabeleiras*, coma *As Arroteaz* (*illas abruptelas*) a *As Sarroteas*; *Os Piñeiros,* a *Espiñeiros*; *Os Inxertes* en V.de Ordelles, Our., fundido en *Sinxertes,* é hoxe *Os Xinxertes.* En Vilar de Covelas, *A Carballada* pluraliza en *As Carballadas,* pasando a *Escarballadas* e de aí *A Escarballada,* igual ca de *As Cavadas, Escavadas, As Escavadas.* En Piteira, O Carballiño, comeza sendo *As Trigarizas* (terras de trigo, logo *Estrigarizas*, e *As Estrigarizas*, quizais con *estragar* detrás.

En varios sitios, *As Antas*, baixo influxo de *Santa*, escriben *As Santas.* No Carballiño, *As Agras,* despois *As Sagras*, acaba en *A Sagra* actual, coma en Congostro de Rairiz de Veiga, *As Agras* en *As Sagras*, acercándose a *sagro, sagra*, co que non ten ren que ver.En Souto Longo, Lalín, *Os Agoeiros* acabou en *Sagoeiros.* Nalgures, *os apeladoiros* do carro son *os sopladoiros*, coma se algo tivesen que ver con *soplar.*

Co artigo fem., pasa algo semellante en *A Lamarella / A Namarella /A Anamarella* integrando no topónimo o *a-* protético. Perto de Ourense, sendo *A Rasa*, logo *Camiño da Rasa,* fica estereotipado agora en *A Derrasa*, cando en Nogueira de Ramuín, é *A Rasa.* En movemento inverso, por haploloxía, *Covas Derradeiras* en Ferrol e Posmarcos, Co., é hoxe *Covarradeiras,* coma *Vila Derradeira, Vilarradeira* en

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 440

Trazo, e nas Somozas, de *Gándara Rozada, Gandarrozada.* En Ourense, *Chan de Irexa* (PLANU DE ECCLESIA) integrouse na *Chandrexa* actual.

O usuario, en contacto cos topónimos, pode flexionalos a pedir da necesidade, e así o que é *A Portela,* pasar, por ser varias as leiras, a *As Portelas.* En Marín, Po. (Top.Marín, 360) aparece un mesmo topónimo coma *Charrosal / Carrosales, Comba / Combas, Morredón / Morredóns, Lucencia / Lucencias, Pedra de Lagarto / Pelagartos, O Gimarel / As Gimarelas*... Onde o que foi *Viña Blanca,* son hoxe *Viñas Blancas,* e *O Monte Penisa,* hoxe *Monte Penisas.*

3. Fonética

No continuo rodar da palabra en boca dos falantes, sofre mutacións e desgaste, con resultas que a desfiguran en relación coas orixes. A inseguridade do usuario e a permisibilidade dos sonidos, son a razón do proceso.

– **Inestabilidade, equivalencia acúatica**. En Beariz, Our. din *ávila* por *águila*, en Lama Má *pulgo* por *pulpo.* Así *A Neméndez* de *A de Méndez,* con asimilación de nasal, coma *Namarellos* (A Mezquita) por *Lamarellos*; *Názara* en Cenlle, Our., *Lázara* en Silleda, Po. (tamén apelido); *Sancedo* en Baralla, *Sancido* en Becerreá, Lu., por *Salcedo, Salcidos* noutras partes. *Voutureira* na Illa, Entrimo, Our.; *Veitureira* en Teo, *Vitureira* en Ponteceso, *Voutureira* no Pino, Co.; *Veitureira* no Sabiñao, *Vitureiro* en Castro Verde, *Voutureira* en Chouzán, Lu. *Guindibó* en Montaos, Co., *Gundivós* en Sover, Lu.É *Bustavalle*, mais tamén se oe *Gustavalle*; *Bustovedro* e *Gustomeao*; *As Pezocas*, Busteliño, Our., era en 1285 *Puçoca. Vitiriz* e *Vitrís*, Co., *Guitiriz*, Lu. *Vorducedo* en Vizoño, Co., e *Verducedo / Vorducedo / Vordecedo / Vurdocedo* en Orriós.No lugar din *Gustei* e *Bustei,* Our. E *Gruñedo / Bruñedo, Bruñido, Bruñeira...,* que o froito é *bruño / gruño.* Segundo lugares: *muricego, monicego, mulacego*; no N de Lugo *pravia* por *pradia, pega veiga*, por *pega meiga,* Pontevedra.En Rábade, Lu., din *mirtas* por *virtas* ou *cortas* de rega, e *lintel* por *dintel,* Lu.; na Bola, Our. *lucharse* por *ducharse.* etc.

– **Asimilación, disimilación**. *Freilas* en Vilardevós, Our., por *Freiras. San Xibrán* por *San Sibrán / San Cibrán*, Tomeza, Po.; *Teutarrón* por *Touterrón*; *Xeixo* por *Seixo,* Allariz, e *Xeixedo* en Verea, Our., no canto de *Seixedo. Eiteiriño* en Irigo por *Outeiriño*; *flolear* en Sonán, Lu., por *florear*;

– **Apócope, esvaecemento final, paragoxe, aférese, prótese, síncopa**. *Mañón* de *Maañón,* Co.Moitos *Sas* por *Saas,* e *Sa* por *Saa, Saá. Veigue* en Sada, *Truebe* en Mallón, Co.; *Serra de Outes* por *Outos*, e *Serres* en Muros, Co.; *Miñovedro* en Osedo, Co. (de muíño) e *Miñalbeiro* en Marín, Po. *Ciadella* en Santiso, Co., e *Siradella* en Ogrobe; *Eirixe* en Toques (ant.*Toquas*) e *A Irexe* en Trazo, Co. *Camiño da Xe* no Val do Medo e Orriós, Our., e *Camiño da Xeria Nova, A Xeria*, Orriós. E *chede* por *cheda* en Lemos, *Seriñas* por *Seariñas, Sardavella* por Seara da Vella; *Longos / Alongos, cibro*

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 441

/ cebro e *acibro / acebro*; *ripia / arripia*; *tar* por *estar, tan* por *están,* Lu. En Ogrobe, *Jradosouto* por *Agra do Souto.* Nas Rías Baixas: *laxa-> laxe-> lax*; *Bexo-> Bexe-> Bex*...

– **Anaptise, epéntese, metátese**. *Traba, Trabeiro, Trabada, Trabado, Trabadelo*, de *traba/ tabra, tabla*, por *táboa*, que viven ó leste de Lugo, e no Bierzo *trabado* 'piso de *traba'. Loiba-as, Loibo,* Co, e *Lobios*, Our., *lobio* e *Solobio*, Co., donde *Loxo* en Boiro e Illa da Toxa. *Famelga / Falmega*, Co., e *Famelga,* Po. *Agorvello*, Po. / *Bouzadrago*, Our./ *Xandraga,* Co., e *Agro, Agra*... No Incio *lagaria* por *algaria,* no Courel, Lu.e Val do Medo, Our. *aiga* por *aguia*; *canizo / cainzo /quenzo*; *laberca* por *bolerca* en Touro, Co. En Cerdedelo, Our., *corvo / corvio* (menor). Outros sitios: *gomo / gromo, gomariza /A Gromariza*; *rebo, rebro, reblo*; *Baíste / Baistre*, Our. *Agioncha /Aijoncha*.

– **Fricativización, sonorización, enxordecemento**. *A Gouxa*, Dozón / *A Goulla,* Meis, Po. *Cexo* (ant. *Ceyo*), Our., *Cello*, Lalín; *Xanfero*, Moeche, *Xariñas*, Trazo, Co. *Xao do Castro,* Rairiz de V., Our., *machugueira* por *matugueira*, arr.Our.; nalgures *tapacuña,* outros *chapacuña.*
En Marín, *Chan do Monte / Xan do Monte*; Na I.M. *Sebastiao / Sebaschao, cristiao / crischao, Turrichao / Churrichao*...En Orriós *fuxo de lagar, xogo do faxo* (facho), *louxa* ó E de Our. En Outeiro de Rei, Lu.:*xabugo, xalgueiro*;Monterramo *xangubín* de *sangubín*;Quiroga, *zopar* por *topar.*

– **Ceceo, seseo**. Nalgures é regular o traspaso, noutros misturan; vese algo por toda Galicia, mormente en documentos. Na Arnoia, Our.:*Cidade / Sidade, Cepeira / Sapeira*; Cuntis, Po., *Ducío* e *Dosío* (apel.), *Cío, Sío. Sas* en xeral, mais *Zas, Xaz,* Co. (Outeiro das *Xas*, Baronzás, Our.), coma *Osón / Ozón, O Son; Sar* en xeral, mais *Souto de Zar*, Ordes, Co., e *Zorelle* á beira do río *Sor* (*Zor* na I.M.), Our.;*Rus*, Co. pero *Ruz* apelido. De *rozar* deriva gran número de topónimos que pasan a *rosar* e a *roxar*: *Roza / Rosa, Rosairo, Rozairo, Rozal / Rosal / Rozados / Rosados, Rosadelas, Roxal / Roxais / Roxos. Rosairo, Rosoiro, Rosón. Rosallo* en S. X.de Vea, Po. *Razo* quizais por *Raso, Zabuceda* en Trazo, *Zaramacedo,* Bando, *Zaramago*, Lousame, Co., por ceceo. Coma *zaincho* por *saincho* en Barrela, Lu., *parafuceiro / parafusa* en Molgas, Our., etc.

– **Nasalización, vocalización**. A cousa está entre *-l, -n,* implosivos, ademais claro está da recuperación de nasal perdida. Así *Souto, Soutullo* (lat.*saltu*), incluso *Suntullo* en Vila de Cruces, Po.;
Silvonta, Co., e *Silvouta*; *Soutandré* en S.Claudio, Co., por *Santandré* en xeral; *Mallón,* Sª Comba, *Mallou*, Sgo., Co. *Tamón* (Madoz), hoxe *Tamou* en Présaras, Co.;*Couso, Conso, V.de Conso. Coucieiro / Concieiro, Cancillós / coucillois* do carro en Toro, Our.; *Tenxugueiras,* Moraña, Po. *teixugueiras* en xeral; *Calsomiro / Causomiro,* Our.; *irmau / irmán, mioca / miñoca, mointo* en Xinzo de Limia., Our. (port. *munto*), *seña* (por *seia*) Lugo, etc.

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 442

4. Acento. Ditongo

Importa chama-la atención sobre marca-lo acento.A persoa allea non pode saber cal é o verdadeiro topónimo se o que ve é FEAS, PINTAS, RUBIAS, NOVAS, VIÑOAS, LOÑOA..., cando son *Feás, Pintás, Rubiás, Novás, Viñoás, Loñoá.* Por esta práctica, aínda sen corrixir, hai formas distorsionadas coma *Novoa* cando é *Nóvoa, Cados*, cando é *Cadós* (o río e os lugares). en Ourense. Outros apelidos, derivados de topónimos, non sabemos o porqué, porfíase na forma impropia: *Insúa*, cando é *Insua,* se non colleron xa carta de natureza, coma *Dávila*, de *da Vila.* Na fala común, esquécese tamén que o verbo galego mantén o acento clásico latino:*eramos, estabamos, fixeramos.*

En xeral é certo que o acento fielmente segue á palabra na súa deriva, mais temos algunha excepción. O lat.vg. *in-sápidus* dá *enxabido* en Negueira de Muñiz, Lu.;de *passer, passarus, paxaro / páxaro.*Temos *perito* / vg.*périto*; *Bertolo* ou *Bartolo,* pero apelido *Bértolo,* e na Gudiña, Our., *San Bértol,* aínda que a talla na eirexa é de *S. Bertolameu.* Hai *Páramo / Paramos* e *Paramios* en Galicia.

Hai unha boa xeira de topónimos, tamén algunha voz común, que nunha banda meridional dende o Bierzo deica a Raia Seca de Tras os Montes, con poucas excepcións, sen sabermos o porqué, se troca o acento en oxítono: lat. vg.-*óla*. en -*olá.* Así, na prov. de Ourense: *Viñoás*, abaixo dos Peares e na Erosa; *Candeiroá* S. Lour. de Pentes e *Moás* en Pentes; *Airoá* en Beacán, *Eiroás* á beira de Ourense, *A Viñoá* na Merca, Banga e Cudeiro, pero *Viñoa* en Souto Longo, Lalín. Río *Airoá* nos Blancos, *Cabreiroá* en Verín, *Figueiroá* en Paderne pero *Figueiroa* en Boborás, San Amaro e Punxín; *Casasoá* en Abeleda, Zorelle, Celanova e C. Caldelas, pero *Casasoa* en Rodeiro, Po. e Chantada, Lu., *Casasola* en Petín, Our., con *Pardesoa* en Lalín (e *Vilasoa*) e Forcarei, Po.; *A Rañoá* en Arnuíde, *Laroá* en Xinzo de Limia, *Carzoás* en Cualedro, *Mañoás* en Orriós, *Raxoá* en V.de Orras; *Xunqueiroá* en Xunqueira de Ambía, *Nigueiroá* na Merca, Verea, Bande, e Nogueira de Ramuín, pero *Nogueiroa* en Irigo; *Piñeiroá* en C. Caldelas; *A Grixoá* en Cañón. Na fala común: *a grañoá* 'vencella de mes con que se atan os mollos', cando en Vedra, Co., hai o top. *Grañoa.* Á par da Coruña aparece *Pereiroá* (?).

En Lugo: *Abelleiroá* en Paradela, *Airoá* en Cervantes, Carballedo, Pantón e O Vicedo*; Arrexoá* en Ourol, *Arrexuaaá* no Sabiñao, *Bouzoá* en Pol pero *Bouzoa* en Taboada, *Cardeiroás* e *Carreiroá* en Sarria, *Carreiroás* en Portomarín; *Figueiroá* en Sover, pero *Ferreirúa* en P.de Brollón e *Folgueiroa* en Cervantes; *A Grixoá* en Chouzán, *A Illoá* en Monterroso, pero *A Ulloa á* beira e en Palas; *A Moá* en *Pereiroá* de Castroverde, e *Pereiroás* en Pantón, pero *Pereiroa* en Begonte; *As Moás* en Foz, pero *A Moa* en Vilalba.

Hai alteración artificial ou errónea de acento. Hai *Armea* na Coruña, que ten saído indemne, pero a de Lugo (agora no Nomenclátor ben: *Armea*) a miúdo adoitaba aparecer *Armeá* (tamén ¡ *Sarriá*!) e a de Ourense, en Sª Mariña de Augas Santas, aínda fica no novo Nomenclátor coma **Armeá*, a pesar dos pesares. Repetimos aquí o dito enriba de *Nóvoa* (lat.vg. *nóvola*) e de *Ínsoa* / *Insua* (lat. *ínsula*). Xa desapareceu do Nomenclátor **Puenteáreas.*

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 443

Con sufixo átono e acento proparóxitono, temos un bo número de topónimos. Xa no latín se ve (cf.Ernout-Meillet, s.v. *armus*): *ármora, lócora, nídora...*, . «o que herdan dialectos italianos e o rumano», *e o galego* (*lláparo, alcúzara, píngola, míllara, véspora, vélaro / vélago...*). Xa dos romanos herdamos *Brácara / Brácala / Brácana..* Citemos agora os topónimos. En Lugo: *Líncora, Guítara* en Pantón, *Moutras* (de *Móutaras*) en Paradela, *Érmora* en Palas de Rei, *Óutara* en P. de Brollón. Na Coruña: *Lóngora, Lóngara, Longras, Guísamo, Sécamo*; *Tállara* en Noia, *Nétoma* en Razo (cf.top. *Neta, Netos*), *Bálsoma* en San Caitán-Sgo., coma no Bierzo *Válgoma*. Ourense: *Názara* en Cenlle; *O Tómbaro* en Quintela de Leirado, *A Moutra* (*Móutara*) en Neboeiro, varias *Míllara, Míllaras.* Pontevedra: *Fózara* na unión do río Borbén co Tea; *Lázara* en Silleda.

Neste aspecto haberá que estudar a fondo o literario *cantiga*, que é o tradicional, fondamente popular *cántiga* (lat. *cántica* pl. de *cánticum*).

Ditongo

A tendencia do falante é sempre ó menor esforzo posible, e de aí a trocar nunha, sempre que posible, dúas sílabas. E coido que se non debe deter esta inclinación natural e tan acorde co espírito da lingua.

Así temos *Callou* en Bergondo, *Leirou* en Mandaio, *Alto de Simou* en Ares, *Chau* (fronte a *Chan*) que se detén en *chao* en gran parte de Galicia, coma *pau, mau,* etc., e na metade este de Lugo as resultas do part. *-a(d)o.* En Noia *Roo*, pero *Mirou;* en Paderne *Caxiao,* en Paderne *Callao*, en Teo *Callou,* en Bermui *Mariñao* (cf. *mariñán*).No *Cancionero* de Pérez Ballesteros, na poesía popular, en gran parte recollida pola Coruña e Norte de Lugo, vese *irmau, grau, mau, pau.* En Curtis dise *milidao, milidau* 'o que ven de *Milide;* en Carballedo, Lu., *aire fareau* é 'o que vén do Monte Faro' de Chantada; en Agolada *lagarto arnau*; en Guntín, *grau, mau*; en Fornos da Cal, E de Lugo, *irmau.*

En Ferreirós do Courel, *marraus da ceba.* En Sonán, Taboada, *Prau de Pendomil, Prau do Carballo,* pero *Rao*, Suarna, rima con *prao,* e en Begonte *beireao do tellado.*

En Orense coñezo sete *Sarreaus,* tres *Maus, Bresmaus,* e toda a xeira común (*chau, mau, pau..*) polo que resulta chocante, chamándonos nós *limiaus*, que nos veñan con **limiaos,* onde xustamente se ubican os derradeiros topónimos; *masidaus* eran aquí os que viñan ós xamós. No Val do Medo, coñezo en Arnuíde a familia do *Ribeirau,* en Tioira a do *Caldelau,* en Maceda a do *Cerradau,* porque os da Terra de Caldelas son *caldelaus* e os do Ribeiro *ribeiraus,* aínda que un que puxo taberna na Rúa de S.Pedro en Santiago coñecíase coma «O Ribeirao». Incluso en Quintela de Leirado, *Chaudarno* chegou xa a *Choudarno.*

Tamén *-eo* dá *-eu.* En Santiago era moi coñecido o *villeu* 'garda municipal'. Hai *Fisteus* en Curtis / *Fisteos* en Melide; *Bodeus* en Sª Mª de Lurdes, *Río Sandeu* en Limodre, *Sombreu* en Miño, pero *Tineo* en Monfero e Valdobiño (que é *Tineu* no bable), en Muxía *Viseo* (*Viseu* en Portugal). Estes corresponden a *Visén* e *Tinén,* onde o *-n* vocalizaría en *-u.* En Ordes hai *Mesón de Deus,* en Oza dos Ríos *Val de Deus* e

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 444

Liñardeu, coma en Acevedo do Río, Our., *Fonte de Deus,* que este se conserva no gal. e port. tal coma no latín (*Deus*), o mesmo ca *meu, teu, seu.* En tódolos sitios é *San Bartolome* ou *Bertolameu, galileu...* Cf.o port. *museu.* Hainos que por garda-la identidade, deben ficar: *cheo, ceo, seo, veo, feo, reo, teo.*

Alterna o ditongo *-oi* / *-ou*: *Fontoira* en Sanxenxo, *Fontoura* en Salvaterra, Po. *Fontoira* en Corgo e Vilalba, e *Fontoria*, Lugo; 3 *Fontoria* en Asturias e 2 en León: Os escribas interpretan falsamente por *Fons Auria, Fonte Auria* (ano 967), xa que se trata de *fonte* con sufixo *-oria,* metatizado en *-oira Viloura* en Vigo, *Viloria* (arc.) en V.de Orras, Our., *Viloira* en Lugo, co suf. *-oria / oira.*

En verbas de orixe primitiva dáse alternancia ditongo / non ditongo: *A Mota* no Porriño e A Estrada; *A Mouta, Mouteira* e *Mouterrón* en Marín, *A Mouta* en Vigo, Oia, Covelo e A Lama, Po.; *A Mota, As Motas, As Moutras* (de *Móutaras*) en Paradela, Lu; *A Mota* en Cambre e Dumbría, *Mótega* en Porto do Son e *Moutarón* en Touro. *A Mota* en Cañón, *A Mouta* en Freixo e Fumaces; *Monte das Motas* en Lobeira, Our.Vese tamén en *picoto / picouto,* que aparecen en moitos orónimos. Alternancia haina tamén en: *Meilide* en Cotobade / *Melide* Rodeiro, Po., e A Coruña.. No gal. *sachola* / *sachoila* en Entrimo, Our.; gal. *ourogo, eurego* / na Forxa, Our. *urogo.*

6. Falsa análise da verba

Feito perigoso, xa que atenta contra a integridade do topónimo. Dáse entre xente non alfabetizada, incapaz de analizar o sintagma da cadea falada. Peor aínda cando se trata da voz estereotipada, que sendo opaca, ninguén debe manipular. Do primeiro caso temos bo exemplo no top.menor *Borde Cedo* de Orriós, e no epitafio:*Restos mortales de Gulia Do Mingues.* Outros máis antigos non tan disculpables, ímolos ver agora.

OGROBE, Po. Vémolo no ano 899: *ecclesia Sancti Vincentii in insula Ocobre*; no ano 911, *insula Ocobre*; no 912, *Sanctum Vincentium de Ogobre, Sancti Bicenti de Ogrobe*; en 1019, *insula Ogoure*;1110, *insula Ogrobe;* 1115, *Sanctum Vincencium de Ogrove*; 1120, *in insula o grove.* En 1138, *S.B. de insula Ogroue*; en 1142, *s.v. de Ogroue*;1173, *Sancti Martini de Ogroue*; Se nos fixamos ben, non é deica cadrar o artigo masculino galego coa incial do antiquísimo topónimo *Ocobre*, que os falantes se lle ocurre parti-la palabra que dende logo non entenden.

E así os seus sucesores. Coido ser de lesa filoloxía, que os filólogos admitan a súa destrución.

Despois do século XII vaise ver xunto e xebrado, a miúdo sen máis razón que a de copiar o do anterior escriba.. Oficialmente o que fan é traducir: *El Grove.* Tiñamos que poñer *d' / n' Ogrobe.*

Oco-bre é nome celta, composto de *Oco* e o suf. *-obre*, *-briga*, estudados por Menéndez Pidal en *Top. Prerr. Hisp*., 181-7, citado na p.186. *Grobe só non existe. Pero é que ademais, hai o mesmo topónimo, *Ogrobe,* en Andrade, Pontedeume, Co.

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 445

ORRIÓS. A alguén se lle ocorreu tamén aquí xebrar *O* de *Riós*, incluso tentando, non fose o diaño, ¡artigo cun aum.de *río!* Nin que lle fixeran caso; na Gran Enciclopedia Gallega, na que todo cabe, podemos ler: «San Pedro de Rubiós, en el Municipio y Arciprestado de *Os Ríos*». Algo inaudito para os nativos e para os que dende pequenos sempre oímos de ir mercar os bois a *Orriós*. Pódese ollar *Orriós* na visita do bispo Muñoz de la Cueva, 1727; no Catastro do Marqués de la Ensenada, 1753; no mapa de Domingo Fontán, 1845... Voz parella ó cat. *Orriols*, é o *Urrós* de Allariz, afín a *Orro, Orra, Orros, Orra,* (Val de) *Orras,* etc, os*Urrielles* dos Picos de Europa. Aparece ben documentado no 1029 (Tombo II, 627) en Celanova: *In Sauto Veremudi, Romarizi, Mannas, Manniolas* (Mañoás), *Sancto Christovalo, Sancto Stephano, antas duas, Cortegada, Piornedo, Petroso, Pelagouzos, Orriolos, Marzelini* (Marcelín), ...*Castrellos, alio Castrello...*

Peor aínda cós derradeiros é o trato dado á *Agrela*, dim. de *Agra,* coma *Agrelo* o é de *Agro,* todo do lat. *ager, agrum* 'campo cultivado' (REW, 276). Son voces aínda trasparentes e vivas na fala. A proba proposta é inútil, digamos que pueril xa que sempre hai contracción da preposión *de / en + a / o*, sexa esta do artigo ou inicial de topónimo. É como o vulgo confunde e analiza o que non é: *d' / n'Agrela->*A Grela,* pero non en *do Agrelo / no Agrelo*, onde non pode ser *Grelo* (!).. Pois tal é base desas **Grela,* que se lexitiman. Non sendo *A Grela* industrial da Coruña, por razón de forza maior, todas deben volver ó seu:*A Agrela*, ou tirarlle o artigo.Non é razón ningunha o ser tamén apelido; hai moitos mal.

Outros topónimos hai, polo mesmo proceso desfigurados: *O Incio* por *Oincio* que vemos (Mº Samos, s.a.): *in Onitio* no 859, *terminos de Onitio* no 1057 e 1069, *per Onitio* en 1062, etc.

Río Viñao afluente do Avia no Ribeiro, que vemos (*Compostell.* XIII, nº60, 323): *ribulo Ouiniano* no 926, *Oveniano* no 956, *Oviniano* no 1069, *Ouiniano* no 1119, etc.

Eixo por *Eijo,* tradución allea de *Seijo* por *Seixo* a forma real, igual ca *Sierra del Eje* por *Serra do Seixo*, etc.

7. Trastornos por geada e hipergaleguización

No fondo do problema están as ansias de galeguizar sen saber a lingua, e aquela disparatada norma que se dá (La Voz de Galicia, 9-II-1974): «Al galleguizar los nombres, las jotas se convertirán en *x*». Dos primeiros culpables son os de «Irmandades da Fala», xa antes de 1920. Vese ben o proceso nun traballo sobre os Palafitos da Lagoa de Antela nos anos 1940, cuxas bases son (eran) para os nativos *Os Cortellos,* que F.Conde-Valbís traduce a *cortejos,* logo en edición galega *cortexos* ...(et sic de ceteris). Así aparecen nalgún Dicionario: *conexo* por *coello, parexa* por *parella*, *partixa* por *partilla, sortixa* por *sortella, burbuxa* por *burbulla, caluxa* por *caluga, verdexo* por *verdello, clavixa* por *caravilla...*

A culpa tamén a ten quen fai a enquisa; en Lugo recolle alguén *xeifas* (Crespo, 119) desdobre de *geifas* geada de *gueifas* do arado; *teiroxa* de *teiroja,* geada de *teiro-*

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 446

ga, etc. Na Gudiña, cita outro *vixoreta* bebida contra o gripo, que din *vijoreta,* geada de *vigoreta* de *vigor.*

IRIXO por IRIGO. Aparece no Nomenclátor deica 1980 coma *Irijo*, que aínda está na estación dende 1959 que se inaugura a vía férrea; como o realizaron os maiores non manipulados (3-9-91). Aquí non hai castelán; hai a geada da zona. Segundo a norma citada, os galleguistas de última hora plantan *Irixo.* Coa mesma pauta, tiñan sería **Eirixo, Ourixo, Ouvixo, Castelixo, Vixo...* En *Hisp-Got.*, 65, vemos 3 *Eirigo*, *Vilar de Eirigo, Eirigos* ó N de Portugal, e *Casal de Eirijo* (geada), Po., do xerm. *Agericus* 860, *Aigiricus* 918, *Aeirigus* 900, *Aerigus* 900 e 961, *Eirigus* 915, *Airigus* 953, *Eirico* 979, *Irigus* 1010, etc. Eu (*Onom.Pers.*164) partindo do xerm.*Euricus* (séc.V) cito tamén *Irigus* e formas semellantes, chegando á mesma conclusión. Hai tamén *Vilar de Ourigo* no Sabiñao e *Vilarigo* (Vilar de *Irigo*) Lugo; sendo casos rectos esixen *Casal de, Vilar de...*

WÍMARA-ANIS, WIMAREDUS-I, etc.(*Hisp.-Got.*, 286).Aquí cómpre citar 6 *Guimarás,* Lu., e 3 Our.;*Guimaráns,* Lu., Po. e 5 Co.;*Gemerás* (Ib., con geada; e Madoz), *Gemaré* (Ib. geada) Lu.; *Gimarei* (Ib.geada) Lu., *Gimarás* 2 Lu., *Guimerá* Lu. *Gimareu* Co. En Portugal: *Guimarães* 9 Bra. Cítanse (Ib.): *Uimara* 886-912, *Uimarani* 944, *Gímera* 976, *Uímera* 1092, *Vimaredo clérigo* 760, *Guimareo* 1250. Eu recollo (*Onom.Pers.*296-7) máis de trinta citas de documentos. Onde Kremer-Piel anotan *geada*, pola norma *j–> x* dita, temos agora, de non correxir o novo Nomenclátor: *Xemerás, Xemaré, Ximarei, Xímarás.* Tamén se realizan con geada *Gimarás*,Allariz, e *Gimarei*, Cualedro, e mais agora póñense como é debido.Teño que admitir, con todo, que estudado de cerca *Xamirás*, Celanova, resulta vir de **(Villa) Salamiranis*, e polo tanto está correcto; coma *Samiráns*, Co. (Cf.Hisp. Got., 229).

XALO, Co. De antigo é Monte Galo, para a xente *Monte Jalo.* É F.Tettamancy (¡*Terra a Nosa!,* 20-2-1919) o que primeiro fala del coma *o monte do Xalo*. Tamén hai *O Galo* en Barrañán, Lañas e Mens; agora no Nomenclátor. E *O Xalo* en Paleo, nas Encrobas e Culleredo. En Ordes, por se vale de algo, hai a *Fraga da Galiña* ou *Jaliña.* No Mº de Ramirás (p.268), en 1250: *Octerium de Gallos* (Galos) *a prono* en Bangueses, Our.

XALLAS. En Cee, Portor de Negreira, Urdilde e Montouto, Co.; polo menos deica o Nomenclator de 1960, aparece sempre *Jallas*..Coma apelido vese *Gayas*; en Santiago hai *Monte Gaiás,* que os nativos, a xente do Sar, di *Jaiás.* O máis coñecido é o *Río Xallas*, antes tamén *Jallas.* Cumpría ter citas de escrituras antigas para sabermos se acaso atoba un **Salias* parello a *Selia,* río *Sella*, Ast.

Outra cousa será *Xiove* en Sedes, que aparece en Madoz *Guiove* e a xente realiza *Giove* con geada. Non pode dar **Xiove.* Semella apuntar a un **Guiobre.*

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 447

Raxeiro, Mera, Co., antes *Rageiro* por *Regeiro*, naturalmente *Regueiro.* En Pontevedra, á beira do río Tomeza, hai *Rajeira,* unha *Regueira.*

Encrucelada, Ortigueira, é falso galego, por *Encrucillada,* Meirás; *Encorcilladas,* Mezquita, Our.

Grabanxa; Frades, antes *Grabanja,* coido debe ser *Grabanga* (**garabánica*, de *cáraba, carba*).

Vixoteira, Rus, Co., a partir de *Bijoteira,* en zona de geada, é sen dúbida *Bigoteira.* Etc.

Outros topónimos

Coido haber un bo número de topónimos, que, realizados localmente con geada, pasan *j* a *x* sen deber. Poñemos só unha mostra. Dende logo cómpre tamén contar cos documentos.

Cameija por *Cameiga* (cf.*Tameiga*), Boborás, Our., mal *Cameixa. Comojo* por *Comogo* (cf. Monte Mogos), Boiro, Co., mal *Comoxo. Coreijas* por *Coreigas,* Rodeiro, Po., mal *Coreixas. Correjanes* por *Corregás / Carregás* (cf. *Carregal*), Freixo, Celanova, mal *Correxais. Labejo* por *Labego,* Moraime, Co., mal *Labexo. Moneijas* por *Moneigas*, Lalín, Po., mal *Moneixas. Sabrejo* por *Sabrego,* Vila de Cruces, Po., non *Sabrexo. Viojo* (e apelido) por *Viogo,* Luaña, Co., mal *Vioxo.*

8. Etimoloxía popular

Os topónimos ou nomes de lugar xorden con razón suficiente de ser, mais co paso do tempo esa relación tórnase opaca, deica esvaerse de todo. O home, sempre acuciado por sabe-lo porqué das cousas, se non sabe da orixe dun topónimo, fantasea guiado de homonimias.

– **Toponimia etiolóxica vulgar**. Houbo un tempo en que *Maceda*, vila de Ourense, tivo escudo orlado co que sería a súa orixe, e de rexeitamento tamén as de *Xunqueira de Ambía*: YUNQUE ERA - MAZA DA. E a orixe de *Castro (de) Caldelas*: Fóronlle pedir ó conde a súa filla para casar. Como tiñas dúas, o señor díxolle: *Cal de elas*, condensado en *Caldelas.* Coma *Paradellas* un 'par de ellas'; *Parderrubias* xa está dito: par de rubias. En Ribela, á beira de Ourense: *Casarellas*, 'cas orellas'. *Xurenzás* (*Geronzanes* en 1120) por 'xurar en Zas'. *A Gudiña* por unha vendeira avispada. *Casardixo* (*Casardigo*) porque 'casar dixo'. *Cristimil* por 'mil morrer por Cristo'.

Ou aquel 'Tio Ira (Tioira), oleiro de oficio, enrabiado ó se atopar coas vacas nunha ponte e non poder ir para diante nin para tras«. Escusamos anotar que na fala viva tamén se dan casos reais, coma na Goleta, Po., *sobreorella* a 'segorella' do

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 448

muíño, en Souto, Maceda, Our, *xan gubiño* (Ramnus). Interpretando o seu cantar, dinlle ó barazán, ave': *María Vióu* en Samieira, *bíche-lo crego* ou *bicho do crego,* en Cerdedo, Po. Noutras partes: *Domingo lirón, Nicolau* e *millorou*, porque lle din os rapaces: ¿teu pai millorou? Contesta: *millorou, millorou.* Noutros lugares, máis realistas, dinlle *papafigos,* e *baraceiro* ó ver cómo fai o seu nío.

Hai tops. de máis entidade. No alto da Serra San Mamede, a xente trocou o *Penedo das Monzas* en *Penedo das Mozas*; Coma en *Somoza* (*sub montia*), trátase de *montium* xenitivo lat.de *mons-montis,* tomado no baixo latín por apelativo de seu. Na mesma Serra, están os *Amanzós.* E tamén *Os Penedos dos Afeitados,* penedos acoitelados, antes *Penedos Afitados.* En Melide, Co, vemos no 1402 *Santa María de agua de lupe.* É ben coñecido *Niño de la Guía* por *Niño d'Aguia,* e *Juan Mil* por *Juamil /Guamil.* En Dumbría, Co., *San Xumil* é *Sanxumil*; en Carballo e Arzúa, *San Miro* e *San Mil* por *Sanmiro.* Na I.M. interpretaron por *Benevivere* (*bene vivere* 'vivir ben') o que é *Bembibre.* En Arnuíde, Our., ó *Río Pequeno* dille a xente tamén *Inchafoles*, polo que baixa nas treboadas.

– **Evolución fonética.** En Zas do Rei, Melide, Co., o topónimo .*Chan d'Agra,* hoxe *Xandraga,* castelaniza nun tempo en *Juandagra.* Nos De vesos, Ortigueira, *Cabradoiro* interprétase como soa, 'de ouro', coma en Marín *Fonte de Crabadoiro*, relacionadas con *creba* de regar. O *Valedouro* e *Río de Oro*, ó N de Lugo, están na mesma liña. E quizais, xa de antigo, o mesmo *Ourense, Fontoria...* En Fonteita, Ch.de Queixa, Our., *As Teixugueiras*, ó se dar unha metátese *Tiexugueiras, Tiaxugueiras,* acabou en *Tías Xugueiras. á* beira de Ourense hai o lugar de *Valdolide*;ó lle poñer *Valladolid*, eles fixeron *Velladolí.* En Marín, *Pedra de Chan de Frade,* pasou por unha banda a *Pedra Chanfrada / Pedra Xanfrada*, e pola outra a *Pedra de San Frade / Pedra de Juan Frade*; *Chan de Sar /Xan de Sar / San de Sar/ Juan de Sar*; *Chan Branca / Xan Branca / Xan Blanca / Juan Blanco. Chan de Neira / Xan de Neira / Juan de Neira / Jandoneira*; *Rociña I Rosiña / Fonte da Rosiña.* En Quireza, Po., o top. *Aguardenteiro*, chega ó ser de tal dende (séc.XIX) *Agro Dianteiro. San Corno* e *San Corniño,* son o *San Corme, San Cormiño,* etc.

– **Toponimia lóxica**. En Marín, Po., un topónimo *Pedra de Lagarto, ó* perder o enlace *Pedra Lagarto,* acabou en *Pedra Lagarta.* De xeito semellante, *Pedra de Coitelo* deu en *Pedra Coitelo* e acaba en *Pedra Coitela.* E *Cachada de Piñeiro*, *Cacha de Piñeiro, Cacha Piñeira. Cova de Loureiro* e *Cova Loureira. Muíño Albeiro-> Miñalbeiro -> Miñalbeira.*

– **Troque de topónimo**. A evolución dos termos pode chegar a homonimias chocantes, e sen ren que ver os seus valores, pero aquí quen manda é o que parece. En Rus, Co., hai *Casal de Perros*, sen lles importar, mais *Sª Mª de Perros,* Amaía, trocou de nome por *Nª Sª dos Anxos, Brión.* Pe rto está *A Escravitude*, e a certos amigos ingleses houbo que lles aclara-lo tema. *Vilar de Flores,* Our., era antes *Vilar de Porcos*; *Penaflor* era o lugar de *Cabrón. Florderrei* non é o que parece, vén de *Fronderedi.*

actas_sarmiento_def_1_5 8/9/06 14:10 Página 449

BIBLIOGRAFÍA

Andrade y Cernadas, José Miguel (1995): *O Tombo de Celanova,* Consello da Cultura Galega: Santiago. 2 vols.

Ernout, Antoine e Meillet, Alfred (1967): *Dictionnayre Etymologique de la Langue Latine,* , París:: Klincksieck.

Kremer, Dieter.e Piel, Joseph M. (1976). *Hispano-Gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter

Loscertales de G.de Valdeavellano, Pilar (trans.) (1976):. *Tumbos del Mº de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. 2 vols.

Lucas Álvarez, Manuel (1986): *El Tumbo de S.Julián de Samos*. Santiago: Caixa Galicia

Lucas Álvarez, Manuel (1988). *San Pedro de Ramirás un monasterio femenino en la Edad Media*. Santiago: Caixa Galicia.

Rivas Quintas, Elixio (1989): *Lingua Galega. Historia e Fenomenoloxía,* Lugo: Editorial Alvarellos.

Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica Persoal do Noroeste Hispano,* Lugo: Editorial Alvarellos

Rivas Quintas, Elixio (1994): *Lingua galega: niveis primitivos*. Santiago: Editorial Laiovento.

Rivas Quintas, Elixio (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago: Universidade de Santiago.

Rivas Quintas, Elixio e Rodríguez. Cruz, José., *Terras das Frieiras,* Ourense: Deputación Provincial de Ourense., 2002.